



## BANDO INFORMATIVO

Os **propietarios ou posuidores de cans** teñen a obriga de telos en recintos pechados e dentro do límite das súas propiedades, de forma que non anden soltos pola vía pública, tal e como dispón o artigo 25 do Decreto 153/1998, de 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

A presenza dos animais soltos, ademais de producir molestias á veciñanza, supón un perigo tanto para os propios animais como para os usuarios da vía pública (peóns; conductores; motoristas; ciclistas, etc), xa que o risco de accidentes é moi elevado, sendo **responsabilidade dos propietarios os danos persoais ou materiais que puidesen provocar**.

Aos propietarios de cans, en aras das boas relacións de veciñanza, solicítolles que tomen as medidas oportunas de cara a minimizar as molestias que lles poida ocasionar aos propietarios das vivendas próximas, en especial no caso de que os animais ladren en horario nocturno.

Téndose detectado a presenza de restos de comida destinada a animais vagabundos nas vías públicas, informo de que **está totalmente prohibido darlle de comer aos animais na vía pública**. Os restos de comida provocan un efecto chamada para todo tipo de animais o que supón unha perturbación para normal convivencia, xera molestias e problemas de natureza hixiénica e sanitaria.

A posesión de animais que se encadren dentro da categoría de **“potencialmente perigosos”**, está regulada no Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na comunidade autónoma de Galicia. Nestes casos para a posesión dun animal deste tipo deberá contar coa preceptiva licenza municipal e a inscrición no correspondente rexistro municipal.

O incumprimento das normas recollidas no parágrafos anteriores será sancionada de acordo coa normativa vixente.

Esta Alcaldía agradecelles a súa de ~~antemán~~ a súa colaboración.

O alcalde. Amancio A. Cid Pérez

